

**AXUDAS ÁS ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATION EU, PARA O ANO 2022, CON CARÁCTER PLURIANUAL (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO VI406E)**

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO. XUNTA DE GALICIA**

**Actuacións subvencionables**

1. Aquelas que se realicen en vivendas, xa sexan unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares, que constitúan o domicilio habitual e permanente das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias no momento de solicitar a axuda, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Conseguir unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7 %; ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %; ou, no caso de actuacións de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica.

b) Cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación e contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.

2. Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

3. As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020, nin estar finalizadas no momento da presentación da correspondente solicitude.

4. O prazo para executar as obras non poderá exceder de doce meses, contados desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.

**Persoas beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas.

**Contía e compatibilidade das axudas**

1. O importe da subvención será do 40 % do custo da actuación, cun límite de 3.000 euros. O custo mínimo da actuación terá que ser igual ou superior a 1.000 euros por vivenda.

**Prazo e modo de presentación das solicitudes**

O prazo para a presentación das solicitudes estará aberto ata o 14 de outubro de 2022 agás que, con anterioridade, se tivese esgotado o crédito orzamentario.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ( código de procedemento VI406E).

[Resolución DOG Xoves, 3 de marzo de 2022 \(xunta.gal\)](#)